



Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de terapeuta ocupacional (para as quenadas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral)

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e a súa Presidencia. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazos.

Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios/as. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 2. Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do/da paciente.

Tema 3. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do/da usuario/a. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.



Tema 4. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 5. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmisibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema nacional de vixilancia epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 6. Demografía sanitaria: Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo.

Tema 7. Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 8. Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio emocional e psicolóxico ao/á paciente, coidador/a principal e familia.

Tema 9. Xestión e planificación de servizos sanitarios: concepto. Produto sanitario: concepto. Carteira de servizos: concepto.

Tema 10. Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 11. Definición de terapia ocupacional. O desenvolvemento da terapia ocupacional en España. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia.

Tema 12. Bases conceptuais de terapia ocupacional: conceptos básicos, paradigma de terapia ocupacional.

Tema 13. Marcos de referencia primarios: fisiolóxico, psicolóxico e humanista.

Tema 14. Marcos de referencia aplicados na disfunción física: biomecánico, neurodesenvolvemento, cognitivo-perceptivo. Marcos de referencia aplicados na disfunción psicosocial: condutual, cognitivo-condutual, psicodinámico e humanista.

Tema 15. Modelos propios de terapia ocupacional: MOHO, modelo canadense do desempeño ocupacional, modelo de discapacidade de Allen, modelo do funcionamento ocupacional de Trombly. Outros modelos en desenvolvemento: Reed&Sanderson; Reilly, M.

Tema 16. Concepto de ocupación. Diferenzas entre ocupación, actividade e tarefa.

Tema 17. Rol, competencias e funcións do/da terapeuta ocupacional no equipo interdisciplinar nos diferentes ámbitos de intervención.

Tema 18. Avaliación en terapia ocupacional. Diferenzas entre avaliación e valoración. Avaliación inicial, durante e ao remate do tratamento.



Tema 19. Abordaxes de intervención en terapia ocupacional: promoción da saúde, restauración, mantemento, modificación e prevención da discapacidade. Educación para a saúde individual, grupal e comunitaria en terapia ocupacional: concepto, metodoloxía e técnicas didácticas.

Tema 20. Análise da actividade. Modelos para a análise da actividade. A graduación da actividade.

Tema 21. Actividades da vida diaria: definición e clasificación. Relación coa terapia ocupacional. Instrumentos estandarizados para a súa valoración.

Tema 22. Actividades produtivas en terapia ocupacional.

Tema 23. Ocio en terapia ocupacional.

Tema 24. A Rede de servizos de saúde mental en Galicia. Os dispositivos asistenciais en atención primaria, especializada e sociosanitaria: coordinación, descrición e función. Modelos de rehabilitación psiquiátrica.

Tema 25. Intervención en terapia ocupacional nas patoloxías de saúde mental máis frecuentes: esquizofrenia e outros trastornos psicóticos, trastornos da conduta alimentaria, trastornos do estado de ánimo, trastornos relacionados con substancias.

Tema 26. Fisiopatoloxía do envellecemento: envellecemento fisiolóxico e patolóxico. Valoración xeriátrica integral: papel do/da terapeuta ocupacional.

Tema 27. Intervención da terapia ocupacional nas síndromes xerítricas de maior incidencia: deterioración funcional, inmovilismo, caídas, incontinencia urinaria e demencia.

Tema 28. Intervención da terapia ocupacional nas persoas afectadas por lesións medulares.

Tema 29. Intervención da terapia ocupacional nas persoas afectadas de accidentes cerebrovasculares e traumatismos cranioencefálicos.

Tema 30. Intervención da terapia ocupacional nas persoas afectadas de esclerose múltiple, párkinson, enfermidade de motoneurona.

Tema 31. Intervención da terapia ocupacional na enfermidade cardíaca e respiratoria.

Tema 32. Intervención da terapia ocupacional na patoloxía de orixe reumatolóxica, osteo-articular e de partes brandas.

Tema 33. Terapia ocupacional na amputación e substitución protésica.

Tema 34. Terapia ocupacional en oncoloxía. Intervención da terapia ocupacional en pacientes terminais.

Tema 35. Intervención da terapia ocupacional en perdas sensoriais: visuais e auditivas. Sistema de comunicación aumentativa e alternativa.

Tema 36. Intervención da terapia ocupacional na parálise cerebral infantil e na espiña bífida. O xogo como ocupación no/a neno/a.

Tema 37. Intervención da terapia ocupacional nas distrofias musculares, malformacións conxénitas e parálise braquial obstétrica nas unidades de atención temperá.

Tema 38. Órteses: concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción.

Tema 39. Próteses: concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción.

Tema 40. Concepto de adaptacións e axudas técnicas. Criterios de selección. Axudas técnicas para o coidado persoal, alimentación, fogar, ocio e tempo libre, material escolar e informático.

Tema 41. Axudas técnicas para a mobilidade e o transporte. Clasificación, funcións e criterios de selección.

Tema 42. Avaliación ambiental. Intervención da terapia ocupacional na adaptación ambiental. Dispositivos de control do medio.

Tema 43. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.



Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de fisioterapeuta, logopedista e terapeuta ocupacional (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 setembro).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de logopeda e terapeuta ocupacional (Diario Oficial de Galicia núm. 245 de 26 de decembro), agás o tema 43 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de fisioterapeuta, logopedista e terapeuta ocupacional (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 setembro).